



CIRCULAR 43-2025.

CONTROL FGA PC- 16/2/2025 (Xornada de tarde)

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 16 de febreiro de 2025 en Expourense (Ourense).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 10 ata Sub 14

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 10 de febreiro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	4'

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



Art.6) Horario: (poderase modificar en función do horario final do campionato de combinadas)

HORARIO CONTROL 16/2/2025- XORNADA DE TARDE		
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE
19:40	500	Sub 10 H-M
19:55	500	Sub 12 H-M
20:10	500	Sub 14 H-M

Art.7) A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA servizos@atletismo.gal ata 48 horas despois do comenzo da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada. servizos@atletismo.gal

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 6 de febreiro 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo